

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 23 DE MARZO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintetrés de Marzo de mil novecientos noventa e cinco; ás oito e media do serán os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno, correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno aproba por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 16 de Marzo pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

En relación cun expediente que se está a tramitar neste Concello a nome de Don Manuel Martínez Rojo, veciño desta Vila, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Mera Soto, sobre construción de inmovle na rúa Baixada á Barca, hoxe Alvaro Cunqueiro, e tendo en conta que o anteproxecto que presentou no seu día, non se axusta á normativa urbanística vixente, esta Comisión de Goberno, por unanimidade presta aprobación ó informe de data 7 de Outubro pasado, emitido polos servicios técnicos do Concello, que ten o teor seguinte: " Autor anteproxecto.- D. Luís A. Chao Gómez e D. Luís Garayzabal.- A parcela de

referencia hai que aplicarlle a clasificación urbanística que sinalan as NN.SS. M. e que é: A ubicación corresponde a: zona de Protección do Conxunto Históxico Artístico ZP/CHA; mazá denominada RC8 cunha área sinalada como EL; RC8 dános o aproveitamento na altura fixando unha altura máxima de cornisa de 9 metros; coma consecuencia da súa ubicación na Zona de Protección sonlle de aplicación as ordenanzas: 4.0 CA, Casco Antigo; 4.8 CU, Conxunto Urbano en conservación parcial de carácter; cabe destacar: ordenación cerrada; o fondo máximo para calquera altura será de 15 metros. O proxecto terá que axusta a: o fondo máximo para calquera altura será de 15 metros; a edificación será entre medianeiras con dúas fachadas, a principal e a posterior; no lateral dereito non se poderán abrir luces; no aproveitamento baixo cuberta, só poderá albergar trasteiros, maquinaria de ascensos, calefacción etc. (3.5.5); a pendente de cuberta non poderá ser superior ó 45%, partindo da liña de cornisa de ámbalas fachadas; os faldóns non deberán presentar "quebraduras".- Resume: a proposta presentada ó meu criterio non cumpre a normativa aplicable, polo anteriormente exposto, anque considérase que a proposta en canto a modelo de aplicación poido haber sido perfectamente válido se así se considerasen polos redactores das NN.SS.M".- Esta Comisión aproveita esta oportunidade para comunicarlle outro informe emitido polos mesmos servicios, de data 6 de Febreiro pasado, que di o seguinte: "EXP. 66/234 da Comisión de Patrimonio.- Por atoparse a súa ubicación en zona de Protección do Conxunto Histórico Artístico ZP/CHA, mazá denominada RC, é preciso informe da Comisión de Patrimonio; con data 7 de Outubro de 1994, emítese informe urbanístico relativo ó expediente; a Comisión de Patrimonio do 16 de Novembro de 1994 "Informa negativamente o enteproxecto presentado" facendo varias puntualizacións; a Comisión de Patrimonio do 14 de Decembro de 1994 informa favorablemente a proposta presentada; considérase que o informe favorable vulnera o ordenamento urbanístico para a zona e, en consecuencia remítome o meu informe urbanístico do 7 de Outubro pasado".

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, toma coñecemento dos seguintes:

Resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público do abastecemento de Ribadavia e de San Paio.

Partes semanis de cloración de augas do abastecemento de consumo público de Ribadavia e de San Paio.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.

A Comisión Municipal de Goberno, ó abeiro da Orde do 8 de Marzo de 1995, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes sobre axudas á promoción e comercialización de produtos agrarios e agroalimentarios galegos, acorda solicita-la subvención correspondente, facultando ó Sr. Alcalde para asina-la petición de acordo co programa de actividades a desenvolver que se achega ó expediente.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda acollerse á Orde do 3 de de Xaneiro de 1995, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, pola que se anuncian subvencións a corporacións locais para a mellora dos recursos turísticos e a promoción do turismo, facultando así mesmo ó Sr. Alcalde para que leve a cabo tódolos trámites sobre o particular.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, rectifica o acordo adoptado por esta Comisión, na súa sesión ordinaria do 16 de Marzo pasado, sobre a aprobación do Padrón de contribuíntes do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano 1995, a cal por un erro involuntario se fixou na cantidade de 21.608.400 pesetas, cando en realidade ascende a 21.637.200 pesetas, que é a cantidade que debera de figurar no devandito acordo e, queda reseñada no presente.

Pola Comisión Municipal de Goberno, acórdase conceder unha subvención económica por importe de 180.00 pesetas á Asociación Amigos de La Lira, pola presentación de servicios complementarios docentes no Conservatorio de Música de Ribadavia, en materia de piano, vento, metal e solfeo, a través de dous profesores colaboradores da Asociación no período de Xaneiro e Febreiro de 1995.

A Comisión Municipal de Goberno, por último, acorda a aprobación dunha tarifa de 15.000 pesetas, por participante, con dereito a tomar parte no CAMPAMENTO DE VERAN organizado pola Concellería de Cultura a través do Servicio Municipal de Deportes, que se celebrará dende o 30 de Xuño a o 10 de Xullo vindeiro en Gerona, tarifa esta que se poderá fraccionar o seu aboamento segundo interese e así se acorde polo responsable da área.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Non houbo.

PROPOSTA DA ALCALDIA.- A Comisión Municipal de Goberno, acorda aprobar por unanimidade unha Proposta da Alcaldía que di o seguinte: " Esta Alcaldía acorda solicita-la creación dunha DELEGACION FACENDA para a atención ós veciños dos Concellos da Comarca (Avión, Arnoia, Beade, Castrelo de Miño, Carballeda de Avia, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Ribadavia); con este obxecto este Concello ofrécese a propoñer algún local dos do seu patrimonio nas condicións nas que se negocie".

E sendo as nove e cuarto da noite, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-